

## Os orzamentos da Xunta para o 2005 esquecen Marín un ano máis.

Tan só se lle adican un par de partidas concretas á denominada “variante de Marín”, un proxecto que xa está en marcha.

**Temos que denunciar que proxectos (auditorio, porto de Aguete ou centro de saúde) que teoricamente xa están aprobados ou “apalabrados” por parte da administración autonómica non teñen partidas orzamentarias**

**concretas**, polo que a súa execución vai quedar ao libre albedrío do conselleiro de turno.

Desde o Colectivo Nacionalista botamos en falta partidas para cubrir necesidades apremiantes para os cidadáns de Marín como son as **vivendas sociais, un centro de día** para os nosos maiores, o **auditorio**, a defensa e promoción dos nosos **xacementos arqueolóxicos**, o **centro de saúde**, unha programación cultural para a mocidade e o tan necesario **parque empresarial**.

**É lamentábel e discriminatório o trato que por parte do Partido Popular se lle da a Marín** cada vez que redactan o proxecto de orzamentos. Non é de recibo o tratamento que se da a nosa vila

desde fai xa bastante tempo. Non queremos compararnos con outros concellos limítrofes ou de menor entidade poboacional, pero estas cifras non se corresponden cun reparto xusto e equitativo dos cartos públicos.



Obras da Circunvalación na parroquia no Campo

**Unha vez máis o desenvolvemento da nosa vila queda aparcado polo desinterese da Xunta.** E se a isto lle xuntamos a inmovilidade e a falla de proxectos dos que gobernan o noso concello, teremos que lamentarnos un ano máis e dicir que en Marín nunca se fai nada mentras vemos como crecen os concellos limítrofes.

## Posicionamento do CN sobre o proxecto de Parque Industrial entre Moaña e Marín

Ante o proxecto de parque industrial, que a iniciativa privada botou a andar en Moaña, e que pretende incluír tamén ao noso concello temos que manifestar as nosas dúbidas sobre o desenvolvemento real do mesmo.

**Consideramos urxente e necesaria a dotación de infraestruturas**, como unha zona industrial, que den saída á demanda e as necesidades empresarias do noso concello. **É lamentábel que o retraso, e a incapacidade dos gobernantes municipais, no desenvolvemento do Plan Xeral de Urbanismo frene o desenrolo da actividade económica** nunha vila como a nosa, e nunha comarca, onde non sobran precisamente os postos de traballo.

Este proxecto conta, ao noso entender, con varios puntos escuros:

\*É necesaria a recalificación de terreos ao tratar-se dunha zona de protección forestal. Probabelmente este sexa o motivo polo que se pretende implicar a Marín, e así conseguir a calificación de supramunicipalidade por parte da Xunta.

\*O interese repentino da Zona Franca de Vigo, que debido aos problemas que ten no proxecto que pensaba desenvolver en Aldán, pretende fagocitar a iniciativa dos empresarios de Moaña.

Todo isto levanos a sospeitar que **o que se pretende é dar a Marín o papel de comparsa, sen capacidade de decisión nen de actuación.** Un parque industrial no noso concello ten que estar orientado a satisfacer as necesidades reais das empresas que desenvolven ou queren desenvolver as súas actividades económicas ligadas con Marín e co Porto. Non se pode pretender criar un parque empresarial en función das necesidades da Zona Franca, xa que **estaría actuando deste xeito no Morrazo como unha “autoridade colonial”** dando-lle servizo a empresas de Vigo e non solucionando os problemas de chan industrial do noso concello.

## Unha nova agresión ao medio, A Illa do Santo en perigo !!!

**Pretenden construír un «muro de contención» na Illa do Santo, en Ardán. Imaxinamos que estamos ante un novo intento de privatización do litoral. Confiamos en que non se materialice esta nova agresión ao medio, e que as administracións non miren para outro lado.**

**Desde o CN faremos un especial seguimento para denunciar a alteración deste espazo natural**

# Políticos ou avestruces?

O concello de Marin está a sofrer unha situación inverosímil a consecuencia da irresponsabilidade do alcalde e o seu equipo de goberno. Cada vez que hai un problema os que din representar-nos encerran-se no bunker, que parece ser para eles o concello, e non dan a cara.

Así por exemplo recentemente cando a Plataforma polo uso público do Hospital da Escola Naval quixo reunir-se co alcalde para entregar-lle as máis de 3000 asinaturas recollidas e para saber a súa posición respecto ao tema, este non nos quixo recibir preferindo sair na prensa dicindo que o que había que facer era o centro de saúde, e que o hospital non era prioritario. Pois ben polo de agora nin temos hospital nin centro de saúde, do que nin tan sequera hai lugar para construílo e moito menos cartos para facelo.

Coas obras da circunvalación, que tantos problemas está a causar nos veciños das distintas parroquias polas que transcurre, o alcalde deixa

facer á empresa encargada da obra o que lle dea a gana, sen protestar, a tal punto que xa se levaron por diante xacementos arqueolóxicos.

Son moitas as promesas eleitorais que aínda están por cumprir e que non teñen pinta de facelo pronto, como por exemplo o tan polémico auditorio, no que por fin todos o grupos políticos do concello están dacordo no lugar onde facelo pero que nin tan sequera ten presuposto, este será un caso igual que o da piscina, onde haberá que esperar unha chea de anos e que logo será vendido como un gran éxito. Outra promesa que está a levantar unha gran polémica é a canceira, que a pesar da disposición para

ceder terreos por parte dalgunhas comunidades de montes non se da construído, levando a unha situación incomoda a numerosos veciños da parroquia de Ardán que teñen que soportar os ruidos dos animais dunha canceira, declarada ilegal por parte do concello.

A pesares de non levar a cabo moitas promesas son moitos os gastos xenerados polo concello polo que outra vez imos sufrir unha nova suba de impostos.. Non sabemos que tipo de gastos serán estes, pero para reducir gastos o que podían facer tamén e baixar os seus salarios porque tampouco traballan tanto como para gañar tantos cartos.



## O Colectivo Nacionalista participa na Plataforma Galega polo NON á Constitución Europea

Recentemente foi constituída a Plataforma Galega polo Non á Constitución Europea, na mesma integrou-se o Colectivo Nacionalista de Marin. Desde fai tempo chegamos á conclusión que este proxecto de tratado constitucional non era o que necesitaba Galiza, nen Europa.

Na práctica estamos ante a unión de todos os anteriores tratados que se fixeron na Unión Europea, dos que xa coñecemos os seus resultados nefastos na nosa industria naval, na agricultura e gandeiría e na desastrosa evolución do sector pesqueiro.

Como moitos outros colectivos e organizacións consideramos que todo o proceso de redacción da Constitución é unha burla á democracia formal, xa que se deixa en mans dun grupo de sábios o modelo político e económico da Unión Europea. Os cidadáns, os parlamentos, non temos nada que dicir.

Para calquer galego/a o máis escandaloso é a nula con-

sideración que esta Constitución ten para as nacións sen estado, que nega calquer



posibilidade de modificación do entramado institucional da UE e impide o dereito á autodeterminación dos povos.

Negamos como nación e imposibilitámonos a realizar calquer xestión na nosa lingua

ante calquer organismo da UE. Somos consticientes que nos enfrontamos a un proceso dun xeito desigual, xa que os

que consideramos que este texto é malo para Galiza non contamos co medios que si teñen os grandes partidos "oficiais" e os distintos gobernos para repetir até a saciedade o "boa que é a Constitución Europea". Aínda así, pensamos seguir espallando a nosa palabra para explicar-lle á cidadanía que NON debemos aceptar que nos impoñan unha Europa dos mercaderes.

Polo tanto o referendun ao que nos van someter o próximo mes de febreiro do 2005 é un regalo envenenado que nos fai o goberno español para facer unha nova demostración do *Talante Zapatero*.

# Marin di NON á Constitución Europea